

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

ANUNCIO do 4 de xuño de 2024 polo que se notifica o prazo de alegacións no procedemento de acceso a información pública do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa, fase II, sectores A e B (Carballo).

De conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, foi sometido a información pública o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial do polígono industrial de Bértoa, fase II, sectores A e B (Carballo), mediante o Anuncio do 17 de novembro de 2023 (DOG núm. 228, do 30 de novembro, e BOP núm. 224, do 23 de novembro).

De acordo co establecido polo artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 19 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dado que o acceso á información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiros, concederáselles un prazo de 15 días hábiles para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas, e producirase a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo concedido para a súa presentación.

Ao non poderse realizar a notificación persoal do prazo de alegacións ás persoas titulares das parcelas relacionadas no anexo, mediante este anuncio, e ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notifícaselles o devandito trámite por medio dun anuncio no *Boletín Oficial del Estado*. O prazo previsto para a súa presentación contarase desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Para que conste e lles sirva de notificación ás persoas interesadas, en cumprimento do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, expido e asino este anuncio.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2024

Heriberto García Porto
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo



ANEXO

Referencia catastral	Persoas que se notifican
15019A02300012	Cancela García, Jesús
15019A23800073	Facal Veiga, Ezequiel
15019A02300013	Herdeiros de Cancela García, José
15019A23800089	Herdeiros de González Rodríguez, Rogelio
15019A23900010	Herdeiros de Lista Regueira, Antonio
15019A23800101	Lista Mato, Manuel
15019A23800039	Pombo Martínez, Jesús Alberto
15019A23900002	Pombo Osinde, Lucinda
15019A23800111	Porteiro Ferreiro, José
15019A23800106	Rodríguez España, José Manuel
15019A23700183	Rodríguez Pallas, José
15019A23600117	Comunal dos Veciños de Bertoa
15019A23600107	Facal Pérez, María
15019A23600119	Herdeiros de García Pereira, Manuel
15019A23600145	Herdeiros de García Pereira, Manuel
15019A23600130	Herdeiros de Varela Fieira, Manuel
15019A23800065	Descoñecido
15019A23800050	Descoñecido
15019A23800114	Descoñecido
15019A23800096	Descoñecido
15019A23800034	Descoñecido
15019A23700141	Descoñecido
15019A23700142	Descoñecido
15019A23800092	Descoñecido
15019A23800094	Descoñecido
15019A23800122	Descoñecido
15019A23700156	Descoñecido
15019A23700182	Descoñecido
15019A23800171	Descoñecido
15019A23800097	Descoñecido
15019A23600118	Descoñecido
15019A23600122	Descoñecido

CVE-DOG: y4oltrv5-g9y5-ijf9-orw4-q9tfnj5zm6g5

